

**AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO DE 1º, 2º, 3º e 5º de EP  
FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO PARA 4º E 6º de EP e 1º, 2º, 3º e 4º DE ESO.  
AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR**

Os pais/nais ou titores/as legais de alumnos/as que desexen optar á axuda deberán presentar  **cuberto** os Anexos I e II da Orde de 12 de maio de 2020 (DOG do 19 de maio de 2020), que se poderá obter nos centros educativos, nas xefaturas territoriais da Consellería de Educación e O.U. ou <http://www.edu.xunta.es>.

Nesta convocatoria intégrase nunha solicitude todas as axudas e nunha sola instancia poderase facer a de irmáns no mesmo centro, así como as de material escolar a quen lle corresponda.

Os solicitantes deberán entregar o impreso cuberto no CPI de Bembibre, xunto coa seguinte **documentación**:

a) Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de non ter libro de familia ou si a situación familiar, a **31 de decembro de 2018**, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos que acrediten os membros da unidade familiar, tales como:

- Sentencia xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do causante.

- Certificado ou volante de convivencia. Certificado de defunción.

- Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia, que acredite a situación familiar.

b) No caso de discapacidade do/alumno/a, do solicitante ou dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberá presentarse un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia en **31 de decembro de 2018**:

-Certificado emitido polo órgano competente do grao de minusvalidez cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%,

- Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou

- Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

c) No caso de situación de violencia de xénero no contorno familiar: documentación acreditativa.

A documentación que se presente deberá ter validez na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes que será do 20 de maio ao 19 de xuño de 2020 en Ed. Primaria e en Ed. Secundaria. Rogamos axilicen a presentación de solicitudes para evitar problemas na tramitación das axudas. Deberán traer as fotocopias feitas.

-Contías para as axudas para adquisición de libros de texto para 1º, 2º, 3º e 5º de Educación Primaria:

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aboará as axudas para o alumnado solicitante matriculado en 1º, 2º, 3º e 5º de Educación primaria que reúna os requisitos previstos nesta orde nos seguintes importes por alumno/a e curso, segunda a renda per cápita familiar no ano 2018 que se calculará :

Base imponible xeral (432) + base imponible do aforro (435)

\_\_\_\_\_ (dividir entre)

Nº de membros da unidade familiar

-Con renda per cápita familiar ata 6.000 euros: *Ed. Primaria*(1º, 2º,3º e 5º) : 210 euros.

-Con renda per cápita familiar entre 6.000 ata 10.000 euros: *Ed. Primaria* (1º, 2º,3º e 5º): 140 euros.

Unha vez entregada a solicitude e introducida no sistema, este permitirá ao centro educativo a xeración dun vale, ou dous no caso de 1º, 2º, 3º e 5º de EP, que asinado polo director será entregado ao solicitante. No caso de haber varios fillos que optan á axuda cubrirase na mesma solicitude.

Os vales para Ed. Primaria serán recollidos no Centro do 13 ao 17 de xullo e para Ed. Secundaria do 20 ao 24 de xullo.

### **FONDO SOLIDARIO PARA O CURSO 2020-2021 para 4º e 6º de EP, 1º, 2º, 3º e 4º de ESO**

Os pais/nais ou titores/as legais de alumnos/as que desexen optar ao fondo solidario deberán presentar  **cubertos**  os Anexo I e II da Orde de 12 de maio de 2020 (DOG do 19 de maio de 2020), que se poderá obter nos centros educativos, nas xefaturas territoriais da Consellería de Educación e O.U. ou <http://www.edu.xunta.es>.

Nas convocatorias anteriores estableceuse que “como obriga para as persoas beneficiarias a incorporación dos libros a un fondo solidario que permita a súa reutilización nos seguintes cursos académicos (bancos de libros), como medida que favoreza o establecemento dun sistema solidario do seu uso”.

Esta asignación de libros que estean dispoñibles no fondo solidario de libros do centro efectuarase:

- Ao alumnado que participe no fondo solidario, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias.
- Terán preferencia o alumnado en garda e tutela da Xunta ou con discapacidade igual ou superior ao 65%.

Esgotados os libros dispoñibles no fondo solidario, o centro docente adquirirá os libros de texto necesarios para garantir:

- a) Ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: seis (6) libros de texto
- b) Ao alumnado con renda per cápita entre 6.000 € e 10.000€ : catro (4) libros de texto

Os solicitantes deberán entregar o impreso cuberto no CPI de Bembibre, xunto coa mesma documentación que figura para as axudas para libros de texto. A renda calcularase coa mesma fórmula tamén. Deberán traer as fotocopias feitas.

Asignación dos libros.

1.- O centro asignará o uso dos libros de texto dispoñibles por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, que será a cantidade resultante de sumar o  **recadro 435**  e o  **recadro 460**  dividida polo número de membros computables da familia, da declaración da  **renda do ano 2018** .

2.- Os alumnos que soliciten o fondo, deberán ter entregado  **todos os libros**  prestados polo Centro ou comprados coa axuda para o curso 2019-2020 en  **bo estado** , excepto 1º e 2º de EP que non teñen que devolvelos.

Os listaxes de libros concedidos poderán consultarse no Centro ou por vía telefónica, pola protección de datos.

Listaxes definitivos de libros para ESO: 14 de setembro

**As axudas para adquirir material escolar**  serán de 50 €, e beneficiaranse as familias con renda per cápita ata 6.000€ no ano 2018. Solicitaranse na mesma instancia da axuda ou fondo solidario.